

Cultura

O escritor italiano clausurou onte na Coruña o V Congreso de Semiótica Umberto Eco quiere unha única lingua vehicular para Europa

A CORUÑA, A.R.L. O semiólogo e escritor Umberto Eco considera que a Comunidade Europea precisa unha lingua vehicular única e que esa lingua, nestes momentos e por razóns "biolóxicas", debe ser o inglés. Sen embargo, a existencia desta lingua vehicular non debe minugar "o emprego dos diferentes idiomas europeos", apuntou. Eco, que clausurou onte na Coruña o V Congreso Internacional

da Asociación Española de Semiótica coa ponencia 'O Camiño de Santiago e as linguas europeas', aconsellou o ensino de varias linguas a partir dos 3 anos, idade para potenciar un "multilingüismo" de convivencia, onde os interlocutores dunha conversación poidan entenderse pese a utilizar linguas diferentes. O escritor visita hoxe Compostela, unha cidade familiar desde a infancia. "cando debuxaba sobre os mapas o Camiño de Santiago", dixo.

Victor Echea

Na ponencia, que leu en italiano, Umberto Eco recuperou un dos seus vellos temas, a existencia dunha lingua universal ou dunha lingua adánica, que xa tratara no seu traballo *Mensaxes amorosas nun código edénico*, publicado en 1962.

O longo dunha hora pasou revista á búsqueda dunha lingua que fose a "língua de todas as linguas" ou dunha lingua que servise como referente universal, desde a antiga Grecia e a desmembración do Imperio Romano ata a actualidade. A desculpa para iniciar esta viaxe histórica foi a cuestión de como se entendían os peregrinos do Camiño de Santiago.

A clausura contou tamén coa participación do rector da universidade coruñesa, Xosé Luís Meilán Gil —que se comprometeu a publicar as actas do congreso— e o presidente da Asociación Española de Semiótica (AES), José Ramón Castillo.

Na roda de prensa posterior ó acto, o famoso autor de *O nome da Rosa* e *O Pendulo de Foucault* —dúas novelas que fixeron do seu nome un dos máis populares da literatura contemporánea— rexeitou contestar a temas que liscasen do da súa ponencia porque, segundo as súas palabras, "emprego máis tempo en rodas de prensa que en ir ó teatro ou a un concerto".

Tampouco quixo mentar a posibilidade de escribir outra novela —"agora preparo dous libros novos", resumiu— e sómentes accedeu a extenderse cando lle preguntaron polo papel dos medios de comunicación na sociedade actual. "Eles", afirmou, "teñen a culpa de introducir estranxeirismos innecesarios nas linguas".

Tras o fugaz encontro cos periodistas e en compañía do presidente da AES e o empresario Isaac Díaz Pardo, Eco trasladouse ó Pazo das Ciencias, onde o agardaba o alcalde da Coruña, Francisco Vázquez. A pequena comitiva, na que tamén estaba a esposa do escritor, percorreu o centro guiado polo seu director, Ramón Núñez, e acompañado de *Bolero* de Ravel.

A primeira parada foi no instituto *Pendulo de Foucault*, que impresionou a Eco polas súas imaxens. "O máis grande que un único xizo para máis tarde, volver a Francisco Vázquez por ter na Coruña "un dos máis grandes museos da ciencia que teño visto".

Pero o escritor aínda lle agardaba ao planetario unha sorpresa maior. Acomodada a comitiva baixo a artificial bóveda celeste, Ramón Núñez comezou a



Umberto Eco, acompañado do rector da Universidade herculina —dereita—, clausurou o Congreso de Semiótica

desvelar, sobre unha inimista nana de Manuel de Falla, o regalo que lle preparan coitadadamente e que consistía en proxeccionar o ceo piamentado de Alessandria ó cinco de xaneiro de 1932, a vila e data na que Eco naceu.

Facendo honor ó Congreso de Semiótica, o director da Casa das Ciencias analizou os signos celestes, ata construírle a carta de nacemento. Naquela xornada,

segundo Núñez, tivo lugar un feito infrecuente: a lúa cobriu unha estrela. Tratábase de Antares, denominada polos árabes *corazón do escorpión*, por estar no centro de Escorpio, e *oposta a Ares*, o planeta vermello, polos gregos. "Antares", dixo, "que estaba en Saxitario, dista da terra 520 anos luz polo que o escintileo que entón tapou a lúa se produciu en 1412, cando Donatello esculpiu o seu *David*".

Após seren proxectadas diferentes representacións de Escorpio realizadas na Idade Media e no Renacemento, ofrecéronlle unha acelerada versión da bóveda celeste desde Alessandria na noite do cinco ó seis de xaneiro; a primeira que un Umberto Eco, recién nacido puido contemplar enteira. "Tiven unha estranha sensación", comentou o escritor, ó remate da sesión. "Podería morrer neste momento."

"Fálalle en galego, que seguro que che entende moito mellor"

O planetario da Casa das Ciencias estaba en penumbra, o silencio era unha lousa e Ramón Núñez non sabía moi ben en que idioma expresarse, inglés ou español. Finalmente, decidiu polo español e, dirixíndose a Eco, dixo, "faizre lentamente para que poida entenderme". De supeto, a voz sempre desinhibida de Isaac Díaz Pardo —"son demasiado vello e non vou calar a estas alturas", ten afirmado en numerosas ocasións— surcou diáfana entre as estrelas artificiais e a reprodución ampliada do planeta Xúpiter. "Fálalle en galego, que seguro que che en-

tende mellor e déixate de castrapos", reclamou. "Si, tamén sei falar en galego", contestou Núñez pero seguiu en castelán mentres Francisco Vázquez, polo fondo, se entretaba o baluceo do seu inglés. O cabo da sesión, Eco estaba pedrido que lle caísen en castigo.

Non era a primeira vez que Vázquez facía alarde á súa políglota. Xá no percorrido pola Casa das Ciencias, o alcalde se esforzaba por expresarse en inglés, o tempo que o escritor italiano continuaba na súa singular xerga, metade italiana, metade española, metade francesa.

O galego foi o grande ausente do Congreso que onte se clausurou. A pesar da presenza de galegos nos actos de apertura e clausura, ningún se expresou nesta lingua e tivo que ser o catalán Joaquim Regiam, nunha mesa redonda sobre *Os temas de 1992: A Olimpíada de Barcelona*, o único participante que se adoptou, anque fose de xeito simbólico. Dos ponentes presentes, só Dolores Vilavedra, crítica literaria do suplemento *Revista das Letras* de EL CORREO, utilizou ese idioma e analizou algun "signo" vencellado á cultura galega.

Umberto Eco aboga por la enseñanza del esperanto como lengua universal

En el V Congreso Internacional de Semiótica

Umberto Eco, catedrático de filosofía en la Universidad de Bolonia y autor del libro "El nombre de la rosa", abogó ayer en A Coruña por la aplicación del esperanto como lengua universal.

Umberto Eco se mostró partidario de su enseñanza a edades tempranas, de forma que se convierta en una "lengua vehicular". El escritor italiano insistió en que la utilización del esperanto no tiene que significar el abandono de las múltiples lenguas existentes en el mundo.

Umberto Eco participó ayer en el Pabellón de Congresos de A Coruña en el V Congreso Internacional de la Asociación Española de Semiótica, que se celebra desde el pasado 21 de

Su ponencia, dictada al Camiño de Santiago y en relación con las lenguas europeas, invitó para clasificar el estudio de las lenguas, al que se refirió como "esperanto", en un camino de Santiago, al que propuso volver un año continuado.

Tras su intervención en el V Congreso de Semiótica, visitó la Casa de las Ciencias, acompañando por el alcalde de A Coruña, Francisco Vázquez e Isaac Díaz Pardo.

El director de la Casa de las Ciencias, Ramón Núñez, agradeció al escritor italiano con una

habla de Alessandria el 5 de enero de 1932, en la que anunció Umberto Eco.

La visita incluyó un recorrido por la Casa de las Ciencias, en la que también contempló el *pendulo de Foucault*.

Sobre el contenido de la Casa de las Ciencias, el escritor italiano, que queda praramente impresionado, resalta la función didáctica de este tipo de instalaciones, además de resaltar la buena realización.

Umberto Eco, que, hacía dos años que no visitaba España, prometió volver a este país y especialmente a Madrid y Barcelona, ciudades por las que confesó su especial preferencia. Tampoco descartó la posibilidad de realizar el recorrido del Camiño de Santiago. Por el